



PROGRAMACIÓN DO 2º CICLO DE ED. INFANTIL

CEIP RAMÓN M^a DEL VALLE INCLÁN
ceip.valle.inclan.oleiros@edu.xunta.gal

INDICE

- COMPETENCIAS E INDICADORES PARA A CONSECUCION DAS COMPETENCIAS
- OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.
 - o ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL
 - o ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO
 - o ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA
- METODOLOXÍA
- MATERIAIS E RECURSOS
- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR
- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC
- ATENCIÓN EDUCATIVA – ALTERNATIVA Á RELIXIÓN
- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE CONVIVENCIA
- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

PROGRAMACIÓN DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

COMPETENCIAS	INDICADORES PARA A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS	
C1: Competencia en comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender ordes e mensaxes orais. • Comprender textos narrativos sinxelos. • Practicar a escoita activa e outras estratexias de diálogo. • Pronunciar claramente e utilizar recursos expresivos lingüísticos (entoación) e paralingüísticos. • Expresar de forma correcta necesidades e demandas. • Expresar ideas e sentimentos. • Describir obxectos e imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Etiquetar imaxes referidas ao vocabulario básico. • Ler e escribir palabras significativas. • Utilizar a biblioteca. • Comunicar ideas sinxelas e significativas nunha lingua estranxeira. • Adaptar a comunicación ao contexto. • Utilizar o diálogo para resolver conflitos. • Eliminar estereotipos e expresións sexistas.
C2: Competencia matemática	<ul style="list-style-type: none"> • Contar e ordenar obxectos. • Asociar cantidade e número (serie numérica). • Estimar medidas. • Ordenar obxectos e numeralos. • Situarse no tempo. • Ubicar no tempo actividades cotiás. • Clasificar elementos segundo determinados criterios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar formas planas e obxectos que as representan. • Explorar corpos xeométricos e formas tridimensionais do entorno. • Resolver problemas sinxelos da vida cotiá. • Desenvolver as tarefas con iniciativa, constancia e rigor.
C3 :Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar e coñece-lo corpo. • Controla-lo corpo en repouso e en movemento. • Utilizar os hábitos de hixiene, alimentación, vestido e descanso. • Previr os riscos e os perigos. • Ter comportamentos de saúde. • Observar o medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> • Protexer e conservar o entorno. • Amosar curiosidade por coñecer os seres vivos, os materiais e a paisaxe. • Formular hipóteses sobre causas e consecuencias dos fenómenos naturais. • Establecer relacións entre fenómenos. • Gozar das actividades en contacto coa natureza

<p>C4: Tratamento da información e competencia dixital</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Acceder ao ordenador. • Iniciar o uso do rato e o teclado. • Iniciar manexo do encerado dixital interactivo. • Colorear -.debuxar cos programas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar xogos. • Respetar o tempo de uso. • Valorar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación. • Gozar co uso dos medios audiovisuais.
<p>C5: Competencia social e cidadá</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Practicar o respecto e a colaboración. • Coidar a saúde. • Coidar o entorno. • Construír, aceptar e cumprir regras e normas. • Ter un sentido de pertenza á familia e á escola. • Establecer relacións con grupos cada vez máis amplos. • Compartir actividades con persoas doutras culturas. • Coñecer e participar nas actividades sociais do entorno. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver conflitos mediante o diálogo. • escoitar e participar de forma activa en situacións habituais. • Coñecer, controlar e expresar os seus sentimentos e emocións. • Manifestar afecto cos adultos e cos iguais. • Comprender as intencións e sentimentos doutros nenos e adultos.
<p>C6: Competencia cultural e artística</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Representación plástica do corpo. • Representación gráfica do entorno. • Asociar formas xeométricas, naturais e artísticas. • Practicar con distintos materiais e técnicas. • Utilizar o son e o silencio como expresión. • Seguir ritmos. • Cantar cancións. • Utilizar a biblioteca para ver e ler contos. • Facer xuízos sobre as obras artísticas, desde o seus gustos e intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> • Facer música con obxectos e instrumentos musicais. • escoitar obras musicais. • Participar en movementos e danzas. • Realizar dramatizacións. • Interese por escoitar contos, historias, etc. • Recitar poemas. • Amosar interese polas actividades culturais. • Respeto e coidado polo patrimonio cultural. • Manifestar interese polos costumes dos nenos doutras culturas.

C7: Competencia para aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e confiar nas súas posibilidades. • Valorar o traballo ben feito. • Planificar e organizar tarefas. • Prestar e manter a atención. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ser constante nas tarefas. • Observar e explorar. • Recoller e rexistrar información. • Manter unha actitude adecuada.
C8: Autonomía e iniciativa persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Actuar con seguridade. • Ter unha imaxe axustada das súas posibilidades e limitacións. • Adoptar comportamentos de prevención e seguridade ante o risco. • Actuar con autonomía na hixiene, alimentación, vestido e descanso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumprir con responsabilidade as tarefas. • Resolver novas tarefas e problemas da vida cotiá. • Iniciativa para desprazarse polos espazos habituais. • Tolerar a frustración e o fracaso.

AREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

<p>Obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal. [c8] 2. Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos. [c8] 	<p>Bloque de contido: o corpo e a propia imaxe</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal [c8] 2. Identificación e manifestación das necesidades básicas do corpo: alimentación, hixiene e coidado persoal, sono, saúde. [c8] 3. Adquisición de confianza nas capacidades propias. [c8] 4. Identificación e control progresivo de sensacións, emocións, e sentimentos. [c8] 5. Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. [c8] 6. Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas para potenciar a construción do esquema corporal. [c8] 7. Imaxe global do propio corpo e aceptación positiva empregando as posibilidades expresivas do mesmo [c8]
--	---

<p>3. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas: idade, sexo, cultura... [c5,c8]</p> <p>4. Ter iniciativa na realización de tarefas da vida cotiá avanzando na súa autonomía e recoñecendo as dificultades que se presentan. [c8]</p> <p>5. Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos doutras persoas vendo comportamentos de convivencia e habilidades para afrontar situacións de conflito. [c5,c8]</p>	<p>8. Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións e vivencias propias e dos demais. [c1,c5]</p> <p>9. Os sentidos: as súas funcións e a relación co órgano que o proporciona. [c3,c8]</p> <p>10. Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo de tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente. [c3,c8]</p> <p>11. Recoñecemento e aceptación das características e diferenzas entre as persoas evitando actitudes discriminatorias. [c3,c8]</p> <p>12. Recoñecemento e vivencia das referencias espazo temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas. [c2,c8]</p> <p>13. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran. [c8]</p> <p>14. Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. [c8]</p> <p>15. Desenvolvemento da identidade sexual diferenciando feminino e masculino. [c5,c8]</p>
<p>6. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa alimentación, hixiene e seguridade. [c8]</p> <p>7. Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas. [c7,c8]</p> <p>8. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de</p>	<p>Bloque de contido: xogo e movemento</p> <p>1. Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción. [c7,c8]</p> <p>2. Desenvolvemento do xogo como medio para coñecer a realidade. [c3,c5]</p> <p>3. Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación. [c8]</p> <p>4. Satisfacción polo crecente dominio persoal. [c8]</p> <p>5. Aceptación das normas que rexen os xogos fortalecendo os vínculos afectivos. [c5,c8]</p> <p>6. O xogo como elemento común a todas as culturas. [c5]</p> <p>7. Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas. [c8]</p> <p>8. Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos potenciando as súas capacidades motoras, de coordinación e orientación no espazo. [c2,c3,c8]</p> <p>9. Posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais. [c8]</p>

<p>emocións e o respecto ás demais persoas. [c5,c7,c8]</p>	<p>Bloque de contido: a actividade cotiá</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Regulación do propio comportamento dependendo da tarefa a realizar. [c8] 2. Interese por participar nas tarefas da vida cotiá con iniciativa e progresiva autonomía. [c3,c8] 3. Habilidades para interaccionar e colaborar cos demais. [c5,c8] 4. Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. [c8] 5. Xestión do propio comportamento en función das necesidades do grupo. [c5,c8] 6. Valoración e gusto polo traballo ben feito. [c5,c8] 7. Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos aplicándoos nas súas actividades diarias. [c8]
	<p>Bloque de contido: o coidado persoal e a saúde</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. [c8] 2. Prácticas saudables para o propio benestar. [c8] 3. Aceptación das normas establecidas nas distintas situacións cotiás. [c5,c8] 4. Petición, aceptación e valoración de axuda nas situacións que así o requiran. [c5,c8] 5. Gusto por estar en espazos saudables colaborando polo seu mantemento. [c3,c5,c8] 6. Gusto por un aspecto persoal coidado. [c8] 7. Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. [c3,c5,c8] 8. Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos. [c3,c5,c8] 9. Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde. [c8]
<p>Criterios de avaliación</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Identificar as partes do corpo e representalo. [c8] 2. Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá. [c5,c8] 3. Recoñecer os sentidos e identificar sensacións e percepcións. [c8] 4. Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades. [c8] 5. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. [c5,c8] 	

6. Identificar e manifestar sentimentos, vivencias... e respectar as dos demais. [c5,c8]
7. Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez mais axustadas e aceptando as normas que os rexen. [c3,c5,c7,c8]
8. Ser autónomo nas tarefas cotiás e aceptar as normas que as rexen. [c5,c8]
9. Manifestar prácticas saudables utilizando adecuadamente espazos e materiais. [c3,c5,c8]
10. Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas. [c3,c5,c8]

AREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos:

1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno, comezando a xerar interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento. [C3]
2. Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación. [C3,C5]
3. Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados. [C3,C7]

Bloque de contido: Medio físico: elementos, relacións e medida

1. Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo algúns dos seus atributos, propiedades, funcións e usos cotiás, mantendo unha actitude de respecto e coidado. [C3,C5,C7]
2. Interese pola clasificación de obxectos e de materiais. [C2]
3. Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno. [C2,C3]
4. Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas. [C2,C3]
5. Utilización do acto de contar para a obtención dun dato numérico. [C2]
6. Proposición e resolución de situacións lóxico matemáticas sinxelas da vida cotiá. [C2,C3,C7]
7. Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo. [C2,C5]
8. Iniciación na investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións. [C3]
9. Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, tempo- a través da estimacións: comparando, sopesando, observando... [C3]
10. Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso. [C2,C3]

<p>4. Relacionarse coas demais persoas, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas. [C5]</p> <p>5. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, manifestando actitudes de respecto. [C5]</p> <p>6. Iniciarse nas relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen. [C5]</p> <p>7. Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e cultura galega. [C6]</p> <p>8. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación. [C2,C7]</p> <p>9. Iniciarse no uso do coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións,</p>	<p>11. Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario. [C2,C3,C5]</p> <p>12. Establecemento de relacións de orientación espacial empregando o vocabulario topolóxico elemental. [C1,C2,C3]</p> <p>13. Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais. [C2]</p> <p>14. Ir recoñecendo algúns dos atributos dos obxectos e materiais tendo en conta a súa aplicación na súa vida diaria. [C3,C5,C7]</p> <p>15. Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá. [C2,C3,C5]</p>
	<p>Bloque de contido: Achegamento á natureza</p> <p>1. Identificación dalgunhas das características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre os seres vivos e obxectos inertes. [C3]</p> <p>2. Observación dun ser vivo na aula, rexistrando a observación. [C2,C3]</p> <p>3. Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. [C3]</p> <p>4. Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios dos procesos vitais das persoas e doutros seres vivos. [C3]</p> <p>5. Coñecemento e valoración da importancia da auga para o desenvolvemento da vida dos seres vivos. [C3]</p> <p>6. Identificación dos cambios que se producen na natureza ó longo do ano. [C3]</p> <p>7. Iniciación na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias dos fenómenos do medio natural. [C3,C7]</p> <p>8. Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar. [C3,C5]</p> <p>9. Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións. [C1,C2,C3,C4,C5,C6,C7,C8]</p> <p>10. Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. [C3,C5]</p>

<p>explorando, ordenando, comparando, cuantificando, pesando, etc. [C2,C7]</p>	<p>Bloque de contido: Cultura e vida en sociedade</p> <ol style="list-style-type: none">1. Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. [C5,C8]2. Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola [C5,C6].3. Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas. [C5,C8]4. Achegamento ás funcións que compren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades a achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas. [C5]5. Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento. [C1,C5]6. Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega. [C5,C6]
<p>Criterios de avaliación</p> <ol style="list-style-type: none">1. Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos segundo distintos criterios. [C2,C3,C7]2. Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. [C2]3. Propoñer e resolver problemas matemáticos sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso e lonxitude. [C1,C2,C5,C7]4. Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos. [C2]5. Describir dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental. [C1,C2]6. Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida. [C1,C2,C3,C5]7. Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala. [C1,C3,C5,C8]	

8. Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos. [C3,C5]
9. Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. [C1,C3,C5]
- 10.Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios. [C1,C3,C5]
- 11.Recoñecer algunhas das manifestacións culturais próximas, valorando a súa diversidade e riqueza. [C3,C5,C6]

AREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos:

1. Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo. [C1]
2. Recoñecer manifestacións non verbais como elementos da comunicación. [C1]
3. Comezar a comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar ideas e intencións das persoas. [C1,C2]
4. Comunicarse oralmente na súa lingua materna e iniciarse pouco a pouco na outra lingua oficial da nosa comunidade, con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos

Bloque de contido: Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar

1. Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas. [C1,C8]
2. Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases. [C1,C8]
3. Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas. [C1,C5,C6]
4. Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente. [C1,C5,C8]
5. Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas, saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos. [C1,C5]
6. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais. [C1,C5]
7. Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua. [C1,C5]

Bloque de contido: Linguaxe verbal: aproximación á lingua escrita

1. Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes. [C1]
2. Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas. [C1]
3. Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais. [C1]

demais, da regulación da convivencia e da aprendizaxe. [C1,C6]

5. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos. [C1]

6. Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos. [C1]

7. Comprender, reproducir, reescribir e recrear textos. [C1,C6]

8. Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer. [C1,C6]

9. Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos. [C6,C7]

10. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a

4. Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través de palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais. [C1]

5. Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles. [C1]

Bloque de contido: Linguaxe verbal: achegamento á literatura

1. escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente, nas dúas linguaxes oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida. [C1,C5,C6]

2. Dramatización de textos literarios, desfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos. [C1,C6]

3. Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor. [C1,C6]

4. Participación creativa en xogos lingüísticos, acompañados de respostas corporais, para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas. [C1,C5]

5. Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento. [C1,C5,C6]

Bloque de contido: Linguaxes artísticas: plástica musical e corporal

1. Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver. [C3,C6]

2. Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa. [C6]

3. Experimentación, descubrimento e gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética. [C6]

4. Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes como recursos e medios de expresión e comunicación. [C4,C6]

5. Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos. [C6]

través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética. [C5,C6,C8]

11.Desenvolver o sentir de autoconfianza nas produción artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas. [C5,C6]

12.Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación. [C4,C6,C7]

6. Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas, manifestando a través das diversas linguaxes, as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non. [C1,C6]

7. Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción. [C6,C7]

8. Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais. [C6]

9. Vivencia do son e do silencio. [C6]

10.Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos. [C3,C5,C6]

11.Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música. [C6]

12.Audición atenta de obras musicais. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais. [C5,C6]

13.Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais o intercambio afectivo. [C5,C6]

14.Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal, colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada. [C5,C6,C8]

Bloque de contido: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

1. Iniciación no uso de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación. [C4]

2. Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos. [C4]

3. Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación. [C4]

4. Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas. [C4,C8]

5. Achegamento ao uso do ordenador. [C4]

Crterios de avaliación

1. Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. [C1,C5]
2. Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa. [C1,C5]
3. Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación. [C1]
4. Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. [C1]
5. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo tendo en conta as diferentes etapas no proceso de adquisición da lingua escrita. [C1]
6. Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios. [C1,C6]
7. Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo. [C1,C6]
8. Expresarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes. [C1,C4,C6]
9. Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. [C1,C6,C8]
10. Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. [C4]

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é global, continua e formativa. Concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerarase como un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas.

Polo tanto, avaliamos todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, en base á resposta a uns interrogantes, ¿Que, como e cando avaliar?

- A resposta a QUE AVALIAR ? encontrámola nuns criterios de avaliación coherentes cos obxectivos, contidos e actividades propostos. Serán variados e flexibles, atendendo á diversidade do alumnado. Servirannos para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado así como as aprendizaxes. Estarán previstos os correspondentes mecanismos de recuperación, como actividades de ampliación e reforzo, distintos agrupamentos ...

- Con respecto a COMO AVALIAR?, a observación directa e sistemática é o instrumento básico en Educación Infantil, podendo utilizar noutros momentos rexistros anecdóticos, escalas ou guías de observación, entrevistas individualizadas...
- A resposta a CANDO AVALIAR? témla en tres momentos:
 - Avaliación inicial: para identificar os coñecementos previos.
 - Avaliación continua: ao longo do proceso.
 - Avaliación final ou sumativa: para coñecer os logros acadados e establecer propostas de mellora para o futuro.

As familias serán informadas, en todo momento dos progresos e dificultades dos seus fillos a través de entrevistas individualizadas, reunións, así como a través dos boletíns informativos que se dan ao final de cada trimestre.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Coñecer o esquema corporal e identificarse co propio sexo, desenvolvendo unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
2. Utilizar os sentidos para explorar a realidade exterior.
3. Realizar autonomamente hábitos de limpeza, hixiene persoal, alimentación e vestido.
4. Orientarse e actuar autonomamente nos espazos cotiás.
5. Adquirir a coordinación e o control dinámico xeral do propio corpo (motricidade grossa e motricidade fina).
6. Descubrir, coñecer e comprender paulatinamente o entorno físico e social onde se desenvolve a vida cotiá.
7. Identificar a través da observación os cambios e modificacións as que están sometidos os elementos do entorno e identificar algúns factores que inflúen sobre eles.
8. Coñecer manifestacións culturais do entorno mostrando actitudes de respecto e interese.
9. Adquirir hábitos de orde, limpeza e conservación dos espazos e materiais habitualmente utilizados polos nenos.
10. Participar en diálogos colectivos, respectando ordes de palabra, escoita e espera como elemento configurador da socialización.
11. Aprender a comportarse solidariamente aceptando a diversidade.
12. Empregar a linguaxe oral para comunicarse cos demais a través dun vocabulario preciso.
13. Avanzar no desenvolvemento da creatividade a partir de actos de expresión voluntarios.
14. Comprender e memorizar textos de tradición oral.
15. Evocar e representar a través do xogo simbólico situacións coñecidas ou imaxinadas.

16. Utilizar nun nivel moi elemental as posibilidades da forma da representación matemática para describir obxectos e situacións do entorno, características, propiedades e algunhas accións que poidan realizarse sobre eles, prestando atención ós resultados obtidos, como cuantificación, medición, clasificación, ordenación, correspondencia...
17. Interesarse pola linguaxe escrita e valorala como instrumento de información e gozo, e como medio para comunicarse.
18. Utilizar e valorar a expresión plástica como medio de comunicación e representación.
19. Gozar da interpretación de esquemas rítmicos, cancións, danzas sinxelas e dramatización.

METODOLOXÍA

Tendo como referente: “aprender a aprender” e “aprender facendo” , establécense as seguintes pautas metodolóxicas:

Ambiente de aprendizaxe.

- Distribución de espazos: Disporán de lugares propios e outros de uso común para compartir, para estar solos e para xogar e relacionarse cos demais; espazos para concentrarse nunha actividade e espazos amplos que faciliten o movemento.
- Materiais: serán axeitados ao tipo de contidos. Serán atractivos e estarán ao seu alcance, ordenados e contidos en caixas ou cestas. Permitirán distintos graos de uso e múltiples posibilidades de utilización. Estarán organizados en áreas de aprendizaxe (recantos) que nos permitirán:
 - Educar na colectividade, pois todo é de todos, tanto os materiais como os espazos. Favorécense os procesos de socialización, cooperando uns cos outros repartindo as tarefas e aprendendo a traballar en grupo, sentíndose parte de el.
 - Favorecer hábitos de orde e respecto, polas normas de funcionamento de cada recanto.
 - Respetar o ritmo de desenvolvemento de cada neno/a.
 - Aumentar as posibilidades de autonomía.
- Tempos: A xornada combina tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

Perspectiva didáctica

- As propostas didácticas terán como punto de partida situacións globais (comunicativas, conflitos, situacións sociais...) nas que entrarán os contidos das diferentes áreas.
- O xogo será a actividade básica de aprendizaxe. Mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman (formas, tamaños, espazos...) establecen relacións, deseñan situacións, manifestan as súas vivencias e experiencias, socializan...

- A afectividade será o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe; as nenas e nenos deben sentirse seguros e construír coñecementos a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

Como docentes:

- Potenciaremos que os nenos e nenas se involucren en proxectos con xogos e actividades que o fagan observar, pescudar, imaxinar, adiviñar, buscar alternativas, anticipar consecuencias, formular hipóteses...confiando nas súas posibilidades, animando a superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia á frustración.
- Velaremos por crear un clima de escoita, aceptación e respecto mutuo; onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización ou ridiculización; favorecendo que o alumnado exprese libremente as súas opinións, sentimentos e suxestións.
- Evitaremos valorar máis os acertos que os erros e corrixilo todo; equivocarse é un paso máis no proceso de aprendizaxe: tanto se aprende dos erros como dos acertos.
- Tentaremos non facer valoracións das producións infantís para preservar a espontaneidade da creación. O importante é o proceso.
- Acompañamos ao alumno/a na súa aprendizaxe, guiando, animando, apoiando, suxerindo... co fin de estimular a súa creatividade, favorecendo e potenciando o pleno desenvolvemento das súas capacidades.
- A distribución do alumnado dependerá da actividade a realizar, contemplándose os seguintes tipos de agrupamento:
 - Gran grupo: asemblea, planificación, lecturas, exposicións, explicacións, distribución de tarefas...
 - Pequeno grupo. Serán variables, homoxéneos ou heteroxéneos dependendo das actividades a realizar.
 - Parellas
 - Individual. Permite a interacción máis específica, promovendo a responsabilidade, autonomía e autoxestión.
- Haberá unha estreita colaboración e coordinación entre o equipo docente, as familias e o contorno.
- As saídas ao contorno estarán presentes como complemento do traballo da aula.
- Incentivaremos a relación con nenos e nenas doutras aulas e con persoas adultas que fomenten a súa aprendizaxe.

MATERIAIS E RECURSOS			
<p>AULA</p> <p>Ordenador. PDI.</p> <p>Pizarra</p> <p>Material de refugallo (tapóns, botes, caixas, pinzas...)</p> <p>Materiais da natureza (follas, pedras, piñas, froitos, cunchas...)</p> <p>Caixas, cestas, bandexas, alfombrillas, manteis...</p>	<p>LECTOESCRITURA</p> <p>Biblioteca de aula: libros informativos, literatura infantil, libros elaborados polo alumnado, álbum de fotos...</p> <p>Recanto das letras: Letras en distintos formatos: de madeira, imantadas, en tarxetas, tapóns...</p> <p>Láminas e tarxetas con imaxes para traballar vocabulario e a súa escritura.</p> <p>Cubetas e area para preescritura</p> <p>Láminas de preescritura para repasar.</p> <p>Tarxetas cos nomes e fotos do alumnado.</p> <p>Recanto da Asemblea: fotos, letras, tarxetas, paneis de rutinas...</p>	<p>MATEMÁTICAS</p> <p>Números en distintos formatos: de madeira, imantados, en tarxetas, tapóns...</p> <p>Material para conteo e seriación: osos, transportes, pedras, pompoms,</p> <p>Láminas de seriación</p> <p>Rectas numéricas</p> <p>Policubos.</p> <p>Regletas</p> <p>Bloques lóxicos e atributos.</p> <p>Tangram</p> <p>Bloques xeométricos</p> <p>Xogos variados</p>	<p>ARTE</p> <p>Papeis de diferentes cores, texturas...</p> <p>Pinceis grosos e finos.</p> <p>Témperas / acuarelas</p> <p>Rotuladores grosos e finos</p> <p>Ceras duras e brandas</p> <p>Abalorios, pegatinas...</p> <p>Tesoiras. Punzóns.</p> <p>Pegamento. Cola. Alkil.</p>
<p>XOGO SIMBÓLICO</p> <p>Cociña con menaxe</p> <p>Supermercado con froitas, verduras, comidas...</p> <p>Bonecos, roupa, berce...</p> <p>Maletíns de diferentes profesións: perruquería, médico, ferramentas...</p> <p>Animais</p> <p>Transportes (coches, tren...)</p> <p>Bloques de Construción</p> <p>Disfraces</p>	<p>RECANTO DA CALMA</p> <p>Colchoneta.</p> <p>Botellas e pelotas sensoriais.</p> <p>Peluches</p> <p>Reloxos de area.</p> <p>Campá/triángulo</p>	<p>XOGOS DE MESA</p> <p>Puzzles</p> <p>Memory</p> <p>Dominós</p>	<p>MOTRICIDADE FINA</p> <p>Pinchos e planchas</p> <p>Ensartables en diferentes formatos: bolas, figuras xeométricas, botóns...</p> <p>Candados, tornillos...</p> <p>Plastilina</p> <p>Bote de buratos e canutillos.</p> <p>Pompóms, pratos e botellas.</p> <p>Pinzas jumbo.</p> <p>Punzóns e almofadas</p> <p>Tesoiras</p>

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A medida principal será a adaptación de materiais, tempos, espazos e atención por parte do/a titor/a tendo en conta o proceso de maduración de cada alumno/a. De non ser suficiente, solicitarase a colaboración do Departamento de Orientación para o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou especialistas de PT e/ou AL segundo as necesidades que presente o/a alumno/a en particular.

No caso de alumnado con informe de NEAE seguiremos as pautas do D.O.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estas actividades están especificadas na PXA e pretenden o achegamento ao contorno máis inmediato do alumnado así como proporcionarlles experiencias educativas significativas.

A nivel de Centro celebraremos o Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Día Internacional da Muller, Semana do libro e Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente; e calquera outra que poida xurdir ao longo do curso.

Por niveis levaremos a cabo actividades e saídas ofertadas polo Concello (saída ao bosque, biblioteca, contorno - Santa Cristina, Castelo de Santa Cruz, Lagoa de Mera- ...), visitas a diferentes Museos e cantas outras xurdan ao longo do curso e se consideren de interese.

A ANPA do Centro tamén oferta unha serie de actividades lúdico-educativas e culturais, unha vez rematado o horario lectivo.

ACCÍONS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Ademais de utilizar a biblioteca de aula e dedicar un tempo diario á lectura de contos, temos asignada unha sesión semanal na biblioteca do Centro.

Participaremos nas actividades que propoña o equipo de biblioteca, adaptándoas ao nivel do noso alumnado.

ACCÍONS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Todas as aulas dispoñen de ordenador portátil, proxector e pizarra dixital interactiva cos que realizamos distintas actividades adaptadas ao nivel do noso alumnado: rutinas, xogos de atención, de lectoescritura....

Tamén contamos con varios robots para un primeiro contacto coa Robótica.

ATENCIÓN EDUCATIVA - ALTERNATIVA Á RELIXIÓN

As actividades que se levarán a cabo están dirixidas fundamentalmente á formación en valores e ao fomento de actitudes de respecto polas demais persoas.

ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE CONVIVENCIA

O obxectivo principal no noso ciclo será potenciar o desenvolvemento de habilidades relacionadas co benestar emocional, a empatía e as habilidades sociais como son: a autoestima, a estima dos demais (recoñecer as calidades dos demais), o respecto mutuo, saber escoitar, aprender a expresar os sentimentos de cara a unha mellor resolución de conflitos, identificar as propias emocións para ir aprendendo a controlalas, pedir as cousas por favor e dar as grazas, ser capaz de perdoar e pedir perdón, etc...

CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Co fin de establecer unha avaliación plena da Programación Didáctica, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación profesor-alumno.
- A coordinación entre o profesorado do mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- A regularidade e calidade da relación coas familias e a participación destas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

A programación estará baseada en catro características que nos permitirán modificala en calquera momento, atendendo ás necesidades do alumnado:

- adecuación (a un contexto)
- concreción
- flexibilidade (aberta a revisión)
- viabilidade (axustada ó espazo, tempo e aos recursos dispoñibles).

METODOLOXÍA E RECURSOS EN CASO DE TELETRABALLO

As ferramentas que empregaremos en caso de ter unha situación de confinamento son aquelas proporcionadas pola Consellería: Aula Virtual, Abalar, videochamada a través de Cisco Webex e o correo corporativo.

Esta programación estará suxeita a posibles cambios de acordo co protocolo COVID vixente en cada momento do curso escolar.